VI. ANUNCIOS

B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA LARACHA

ANUNCIO de aprobación inicial do Plan especial de ampliación de dous equipamentos educativos.

A Xunta de Goberno local, en sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2013, acordou aprobar inicialmente o Plan especial de ampliación de dous equipamentos educativos (PE EE), redactado por Monteoliva Arquitectura, S.L.P. e suspender o procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito afectado conforme o artigo 77.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. A expresión gráfica queda reflectida no plano de suspensión de licenzas que se xunta.

O expediente sométese a información pública durante un mes, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e en dous dos xornais de maior circulación da provincia, coa finalidade de que o que o desexe poida examinalo e deducir, durante o citado prazo, cantas alegacións ou observacións considere oportunas. Simultaneamente, notificaráselles individualmente a todos os propietarios dos terreos afectados.

Lugar de exposición do expediente: secretaría (1º andar Casa do Concello).

Horario: das 9.00 ás 14.00 horas.

A Laracha, 26 de decembro de 2013

José Manuel López Varela
Alcalde

CVE-DOG: dmdlazk7-wme4-kcd6-ygl4-0cdoeqcjshm3



CVE-DOG: dmdlazk7-wme4-kcd6-ygl4-0cdoeqcjshm3